



CCOO INFORMA N.º15

AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL PARA PERSOAS EMIGRANTES ESPAÑOLAS DE ORIXE GALEGA RESIDENTES EN AMÉRICA

En que consiste a axuda?

Nunha prestación económica a persoas emigrantes de nacionalidade española e orixe galega residentes en América con escasos recursos, para atender situacións de emerxencia social derivadas de circunstancias extraordinarias sobrevividas nos últimos 12 meses. Vai dirixida a cubrir gastos específicos para aliviar a situación de necesidade en tres ámbitos principais:

1. Condicións básicas de subsistencia: alimentación, cuidados persoais esenciais, educación...
2. Condicións de vivenda: deterioración grave, falta de equipamento ou dotacións esenciais.
3. Condicións de saúde e benestar social: necesidades urxentes de carácter sanitario ou asistencial.

Cada persoa solicitante só poderá pedir unha axuda por un único suposto.

Quen pode solicitalas?

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as persoas emigrantes galegas e os seus fillos/as que posúan a condición de persoas galegas residentes no exterior e cumpran os requisitos establecidos no artigo seguinte.

Para os efectos desta norma, teñen a condición de persoas galegas residentes no exterior aquelas persoas emigrantes que nacesen en Galicia ou acrediten que residiron en Galicia de forma continuada durante dez anos, con nacionalidade española, así como tamén os seus fillos/as que teñan nacionalidade española e que se atopen vinculados/as con calquera concello galego no padrón de españois residentes no exterior (PERE) desde, polo menos, 3 meses antes á presentación da solicitude.

Cales son os requisitos?

1. Ter rendas ou ingresos insuficientes: Cando estes sexan iguais ou inferiores a 1,8 veces a base de cálculo da prestación económica por razón de necesidade establecida polo Estado español para o país de residencia, nas contías que se determinen para o 2024.

Se a persoa solicitante convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70 % da devandita cifra polo número das persoas que convivan menos unha. Entenderase como unidade económica familiar a integrada pola persoa solicitante e, de ser o caso, polo seu cónxuxe, parella de feito ou relación análoga, así como polos/as fillos/as e parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao convivintes.

2. Ter patrimonio insuficiente: Cando na unidade económica familiar existan bens mobles cun valor superior ás contías previstas no punto anterior en cómputo anual. Así mesmo, considerarase que existe patrimonio inmobiliario suficiente cando o valor patrimonial ou equivalente dos inmobles, na unidade económica familiar, excepto a vivenda habitual, supere en 2,5 veces as contías previstas nese punto en cómputo anual.
3. Acreditar documentalmente a situación de emerxencia social que xustifique a solicitude.

Gastos subvencionables

Varían en función das circunstancias que concorran en cada expediente baixo a condición de que non poidan financiarse con cargo a outras axudas do sistema público ou queden fóra da cobertura ofrecida polos seguros do beneficiario, terían dita consideración os gastos de:

- Alimentación, vestido, educación o análogos para satisfacer necesidades básicas.
- Obras para o mantemento ou reparación da vivenda habitual.
- Adquisición de equipamento ou dotación de instalacións esenciais na vivenda.
- Tratamento de problemas graves de saúde como medicación, fisioterapia, prótese, etc.
- Coidadores de persoas en situación de dependencia permanente ou temporal.

Contía das axudas

A contía por persoa beneficiaria non poderá ser inferior a 500 € nin exceder de 3.000 €. Dentro deses límites, determinarase en función dos seguintes criterios:

- a) Para as solicitudes orientadas a paliar necesidades básicas de subsistencia, as contías corresponderanse co 30 % do importe determinado para o cálculo da prestación por razón de necesidade (PRN) de 2024 no país de residencia da persoa solicitante.
- b) Para as solicitudes orientadas a paliar necesidades de adecuación da vivenda habitual, sanitarias ou asistenciais derivadas de problemas ou de violencia no seo da unidade familiar, a contía corresponderase co 80 % dos gastos subvencionables xustificadas.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes destas axudas será desde o 5 de abril ata o 15 de outubro de 2024.

Solicitudes

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas solicitantes que non posúan certificado electrónico e así o desexen poderán dirixirse ás entidades colaboradoras que se indican na convocatoria.

Máis información

DOG Núm. 6 Xoves, 4 de abril de 2024.- Páx. 21968.- RESOLUCIÓN do 21 de marzo de 2024, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras do programa de axudas de emerxencia social e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR935A): https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240404/AnuncioC3B0-210324-0001_es.pdf